

INFORME DA REUNIÓN DO
CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

**A PROPOSTA DA UGT SOBRE ATRIBUCIÓN
HORARIA DAS MATERIAS DE TECNOLOXÍA, MÚSICA
E PLÁSTICA DA ESO, QUE É ASUMIDA COMO
TRANSACCIONAL POLA COMISIÓN PERMANENTE;
FAI REFLEXIONAR Á ADMINISTRACIÓN.**

No Pleno da Consello Escolar de Galicia que tivo lugar o día de onte no MUPEGA, A ADMINISTRACIÓN SOLICITA TEMPO PARA PRESENTAR UNHA NOVA PROPOSTA SOBRE CARGA LECTIVA DAS MATERIAS DE TECNOLOXÍA, PLÁSTICA E MÚSICA NA ESO.

A Consellería toma esta decisión despois de que no Pleno se abriera o debate sobre unha proposta transaccional da Permanente baseada na emenda da UGT.

Os membros do Consello Escolar de Galicia que representan á UGT, valoran positivamente esta reflexión que toma a administración, e esperan que froito da mesma, se chegue a un consenso sobre este importante aspecto do currículo da ensinanza secundaria obrigatoria.

Por outra banda o Consello ditaminou o decreto que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística que foi aprobado por maioría, coa incorporación de varias emendas da Unión Xeral de Traballadores.

O Consello Escolar de Galicia volverá a reunirse o próximo día 13 de abril para ditaminar definitivamente o currículo da ESO, coa incorporación da carga lectiva das correspondentes materias.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2007.